

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o trinta e un de outubro do ano dous mil dezaoito, ás nove horas, reúne a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro (vicepresidente 2º), don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, dona Ana María Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioria absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión o deputado provincial don Pablo Pérez Pérez, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudio e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2018.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o dia dezanove de outubro dous mil dezaoito, a Xunta de Goberno da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2018, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 3/POS/2018, NO TERMO MUNICIPAL DA ARNOIA.- Á vista da solicitude formulada polo Concello da Arnoia, tendo en conta o informe favorable da técnica do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, e de conformidade coa proposta favorable, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Modifica-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2018 no relativo ó Concello da Arnoia, incrementando o importe da actuación da obra denominada "Acondicionamento e humanización praza pública Reza", co número 3/POS/2018, resultando un orzamento total de execución de 55.000,00 €, sendo a achega da Deputación de 48.000,00 € e a achega municipal de 7.000,00 €.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

3.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2018, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 47/POS/2018, NO TERMO MUNICIPAL DE MELÓN.- Á vista da solicitude formulada polo Concello de Melón, tendo en conta o informe favorable da técnica do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, e de conformidade coa proposta favorable, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Modifica-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2018 no relativo ó Concello de Melón, incorporando ó plan principal -en substitución da obra denominada "Vario de acceso a Velorio de Melón"- a obra denominada "Urbanización de ordenación de aparcamento público fuse II", co número 47/POS/2018, cun orzamento total de execución de 48.000,00 €.

4.- APROBACIÓN DE PAGO ANTICIPADO DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BANDE.- Con data do 5 de outubro de 2018, por acordo da Xunta de Goberno concedéuselle ao Concello de Bande unha subvención nominativa, por importe de 20.100 euros, para substitución de iluminación pública en Ponte Liñares, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Con data 15 de outubro de 2018, o Concello de Bande presenta no Rexistrio Xeral desta Deputación Provincial, un escrito no que solicita o anticipo do 100% do importe concedido para substitución de iluminación pública en Ponte Liñares.

O artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense dispón que se o beneficiario o solicita se pode pagar o importe do anticipo solicitado, sempre que a entidade local beneficiaria da subvención, no momento do anticipo non teña débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación, por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

De acordo co anteriormente exposto e co informe da Intervención desta Deputación Provincial, do día 26 de outubro de 2018, no que se informa que o Concello de Bande non ten débedas con esta Deputación, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar o pago anticipado, por importe de 20.100 euros, ao Concello de Bande, para substitución de iluminación pública en Ponte Liñares.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

O Concello de Bande deberá presentar a xustificación do gasto subvencionado, segundo o establecido no acordo de concesión.

5.- APROBACIÓN DE PAGO ANTICIPADO DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO

DE BANDE.- Con data do 11 de outubro de 2018, por acordo da Xunta de Goberno concedéuselle ao Concello de Bande unha subvención nominativa, por importe de 4.000 euros, para actividades deportivas na comarca do Xurés, correspondentes ao ano 2018, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.16.

Con data 24 de outubro de 2018, o Concello de Bande presenta no Rexistrio Xeral desta Deputación Provincial, un escrito no que solicita o anticipo do 100% do importe concedido para actividades deportivas na comarca do Xurés, correspondentes ao ano 2018.

O artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense dispón que se o beneficiario o solicita se pode pagar o importe do anticipo solicitado, sempre que a entidade local beneficiaria da subvención, no momento do anticipo, non teña débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación, por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

De acordo co anteriormente exposto e co informe da Intervención desta Deputación Provincial, do día 26 de outubro de 2018, no que se informa que o Concello de Bande non ten débedas con esta Deputación, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar o pago anticipado, por importe de 4.000 euros, ao Concello de Bande, para actividades deportivas na comarca do Xurés, correspondentes ao ano 2018.

O Concello de Bande deberá presentar a xustificación do gasto subvencionado, segundo o establecido no acordo de concesión.

6.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA, A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DA VEIGA.- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 45012/76201, a cantidade de 125.000 euros a favor do Concello da Veiga, para observatorio astronómico.

Con data 17 de outubro de 2017, a Presidencia da Deputación subscríbiu un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

Instituto Enerxético de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia, A Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Veiga, para a realización do proxecto "Construcción do Observatorio Astronómico da Veiga".

No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 45012/76201 figura a cantidade de 125.000 euros a favor do Concello da Veiga, para observatorio astronómico 2º prazo.

Con data 10 de xullo de 2018, a Presidencia da Deputación asinou unha addenda ao dito convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o Instituto Enerxético de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia, A Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Veiga.

Unha vez vista a documentación presentada polo Concello da Veiga, e de acordo co establecido no convenio e a correspondente addenda nomeados anteriormente, a Deputación farase cargo da súa achega polo importe de 250.000 euros.

Dada a competencia atribuída á Xunta de Goberno polo artigo 2 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial, resulta necesaria a ratificación do dito convenio por este órgano.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Ratificar o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o Instituto Enerxético de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Veiga, asinado o 17 de outubro de 2017, e a súa correspondente addenda asinada o 10 de xullo de 2018, para a realización do proxecto "Construcción do observatorio astronómico da Veiga".

Segundo.- Concederlle unha subvención nominativa ao Concello da Veiga, nos seguintes termos:

- Importe: 250.000 euros.

- Obxecto: Construcción do observatorio astronómico da Veiga.

- Xustificación: A subvención xustificárase mediante o disposto no convenio de colaboración e a súa correspondente addenda, e a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpliu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algúna variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

-Prazo xustificación: ata o 31 de decembro de 2018

7.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN VENANCIO SALCINES E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, PARA O III DEBATE UNIVERSITARIO ESCOLA DE FINANZAS OURENSE TERMAL.

Con data 5 de abril de 2018, a Presidencia da Deputación subscriviu un convenio de colaboración entre a Fundación Venancio Salcines e a Deputación Provincial de Ourense para o III debate universitario Escola de Finanzas Ourense Termal.

No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 334.20/489.30, a cantidade de 20.000 euros a favor da Fundación Venancio Salcines, para o torneo debate Ourense Termal.

Dada a competencia atribuída á Xunta de Goberno polo artigo 2 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial, resulta necesaria a ratificación do dito convenio por este órgano.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

**EL DEPARTAMENTO
FEDERICO SÁ
LEGARTE**

Primeiro.- Ratificar o convenio entre a Fundación Venancio Salcines e a Deputación Provincial de Ourense, asinado con data 5 de abril de 2018, para o III debate universitario Escola de Finanzas Ourense Termal.

Segundo.- Concederlle unha subvención nominativa á Fundación Venancio Salcines, nos seguintes termos:

- **Importe:** 20.000 euros.

- **Obxecto:** III debate universitario Escola de Finanzas Ourense Termal.

- **Xustificación:** A subvención xustifícase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social, e o disposto no convenio de colaboración.

- **Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2018

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE VERÍN (AEVER).- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 231.11/489.30, unha subvención nominativa, por importe de 15.000,00 euros, a favor da Asociación de Empresarios de Verín AEVER, para gastos de funcionamento e dinamización comercial correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a documentación presentada polo beneficiario da subvención, na que figuran gastos de funcionamento e dinamización da entidade por importe de 43.013,34 euros, e de ingresos por importe de 43.880 euros, é polo que procede a redución da subvención na contía de 866,66 euros.

Tendo en conta o exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Asociación de Empresarios de Verín AEVER, nos seguintes termos:

- **Importe:** 14.133,34 euros.

- **Obxecto:** gastos de funcionamento e dinamización comercial correspondentes ao ano 2018.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lles unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao dia no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa no remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concurrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexulzo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018.

2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL SPECIAL OLYMPICS GALICIA.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 341.11/482.10, a cantidad de 10.000 euros a favor da Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidade Intelectual Special Olympics Galicia, para actividades da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidade Intelectual Special Olympics Galicia, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000 euros.

-Obxecto: actividades da entidade correspondentes ao ano 2018.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao termite da execución do proxecto. En

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuja obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas

facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018.

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á DIOCESE DE OURENSE. - No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 336.11/789.03, a cantidad de 18.150 euros a favor da Diocese de Ourense, para mellora e substitución de portas nas igrexas de Leirado, Redemuiños e Xacebáns, no termo municipal de Quintela de Leirado.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Diocese de Ourense, nos seguintes termos:

-**Importe:** 18.150 euros.

-**Obxecto:** mellora e substitución de portas nas igrexas de Leirado, Redemuiños e Xacebáns, no termo municipal de Quintela de Leirado.

-**Xustificación:** a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social. Así como licenza de obra concedida polo Concello Quintela de Leirado e, autorización ou informe favorable da obra da Dirección xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuja obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-**Prazo xustificación:** ata o 10 de decembro de 2018

11.-APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN CARLOS VELO.- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 48921-33420, unha subvención nominativa, por importe de

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

20.000,00 euros, a favor da Fundación Carlos Velo, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Fundación Carlos Velo, nos seguintes termos:**

-**Importe:** 20.000,00 €.

-**Objecto:** gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

-**Xustificación:** a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concurter causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN DE FERIAS Y EXPOSICIONES DE OURENSE.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 431.11/480.03, a cantidad de 70.000 euros a favor da Fundación de Ferias y Exposiciones de Ourense, para actividades da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** acorda aprobar unha subvención á Fundación de Ferias y Exposiciones de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 70.000 euros.

-Obxecto: actividades da entidade correspondentes ao ano 2018.

-Xustificación: a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

141.000.000
REPORTAR 50%
DEUDAS

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboñándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuja obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas

facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuizo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018.

13.-APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN GAVELA.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

orzamentaria, e con cargo á aplicación 231.11/489.30, a cantidad de 100.000 euros a favor da Fundación Gavela, para o servizo de protección xurídica a persoas con discapacidade por enfermidade mental.

Unha vez vista a documentación presentada polo beneficiario, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumple co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Fundación Gavela, nos seguintes termos:**

-**Importe:** 100.000 euros.

-**Obxecto:** servizo de protección xurídica a persoas con discapacidade por enfermidade mental.

-**Xustificación:** a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao termo da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 31 de outubro de 2018

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas

facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

14.-APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó LICEO DE OURENSE.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 334.20/489.30, a cantidade de 10.500 euros a favor do Liceo de Ourense, para vestuario coral.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** acorda aprobar unha subvención ao Liceo de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 10.500 euros.

-Obxecto: vestuario coral.

